

ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

Roteiro literario pola vila de
Neda con Vicente Araguas

COLABORA



CONCELLO DE
NEDA

SUBVENCIONADA POR



Deputación
DA CORUÑA

ROTEIRO LITERARIO POLA VILA DE NEDA

Comeza forte esta andaina través das letras nedenses (autores propios ou vencellados) pois ningún mellor que un dos meirandes poetas medievais, tan potente, tan delicado, tan de seda, tan de ferro (nos contidos escatolóxicos, polo demais cheos estes tamén de música como de campás, máis mordaces que mortuorias). E estamos a falar de Don Fernando Esquíó, instituto e rúa en Neda ao seu nome, fillo predilecto, a título postumísimo do Concello. Un héroe local (e universal, moi poucos poetas, San Juan de la Cruz, se cadra, teñen dito máis en menos) do que non consta documentación que o acredite como nado aquí. E, non obstante, á parte de que ningún outro lugar se chamou Esquíó, temos na Igrexa de San Nicolás de Neda e na de San Martiño de Xuvia, proba irrefutable, dúas, pétreas, de que os Esquíó, apelido hoxe extinguido en Galicia, viñeran de aquí. No Couto, Don Rodrigo, en San Nicolás, Don Diego, ambos en sartegos onde a economía expresiva non esquece os elementos chamativos. No de Diego de Esquíó, os animais totémicos da familia que, córréseme, a partir dunha achega de Carvalho Calero, poderían vir xunto co apelido conseguinte, dun trobeiro, o noso Fernando Esquíó, bulidor como este roedor. Así e todo o noso poeta, cantor da lagoa de Doniños (ou da nosa ribeira, un verxel no tempo de Esquíó, onde así e todo volve haber aves mariñas: garzas, garcetas, lavancos, corvos mariños e, desde logo, gaivotas) precedera nun século aos Esquíos soterrados nun principio, moi probablemente, en San Martiño de Xuvia, ben que o tempo habería deixalos de cada banda da ría. Perfectamente transitable de a cabalo con marea baixa. De feito a do Couto era unha das *praias*, prefiro dicir *areas*, da nosa nenez. Daquela os concellos non estaban tipificados. Narón, así e todo, resulta nidia entelequia comparado con Neda por aquel entón, superior mesmo a Ferrol, en poboación e actividade. De maneira que ben puidera ser a nosa ribeira a cantada por Esquíó, daquela sen todas as as pontes (cinco) que a pontifican hoxe, nos tempos de Esquíó tan só había unha, a do fondo da ría, entón de madeira, con portádego a prol dos Andrade, e cun xabarin de pedra tal como aínda o vira o padre Sarmiento, ao seu paso por ela nunha das dúas viaxes que fixera pola nosa contorna, parada e fonda en San Martiño de Xuvia, lástima fora. E se cadra foi a nosa ribeira, coas aves mariñas xa citadas, ás que podo engadir as moradoras das ribeiras, xílgaros, lavercas, paporroibos, mesmo carrizos en bule-bule nas silveiras as que inspiraran a Esquíó un dos poemas máis fermosos de todos os tempos. Ese que di, quero, debo, publicalo por enteiro:

Vaiamos, irmana, vaiamos dormir
nas ribas do lago ú eu andar vi
a las aves meu amigo.

Vaiamos, irmana, vaiamos folgar
nas ribas do lago ú eu vi andar
a las aves meu amigo.
Nas ribas do lago ú eu andar vi,
seu arco na man as aves ferir,
a las aves meu amigo.
Nas ribas do lago u eu vi andar,
seu arco nas man a las aves tirar,
a las aves meu amigo.
Seu arco na mano as aves ferir
a las que cantavam leixa-las guarir,
a las aves meu amigo.
Seu arco na man a las aves tirar
a las que cantavam nonas quer matar
a las aves meu amigo.

De San Martiño de Xuvia a San Nicolás de Neda hai un treito que ousaría definir como romántico (se non fose pola ponte da autoestrada, estafermo a dominar a ría desde a súa altura imponente, facendo diminuta a do ferrocarril), poisque percorre a vía do tren ao longo dunha pasarela que vai en paralelo con ela. Crúzoa cando camiño de Xuvia-Neda a Ferrol e non teño vagar para ir camiñando pola Estrada de Castela. Aquí vou citar un poeta que nada me importaría fose de Neda, senón que naceu en Celanova: Celso Emilio Ferreiro. E dixera un dos nosos poetas meirandes: «*Son un pasmón/ peatón/ con opinión/ dicindo a verdade núa/ pola rúa*». E máis adiante: «*Camiño a pé/ e por iso é polo que/ vexo o mundo tal cal é*.» Quero dicir que son camiñante perenne, e por iso agora vou andando de San Martiño a San Nicolás, e logo de deixar a estación de Neda, hoxe náufraga do tempo (de cativo, cando o expreso de Madrid, paraba nela, eu soñaba con ser de maior o seu xefe, galo fachendoso con crista ou pucha vermella), collo a Avenida Castelao, onde logo de pasar un edificio co cartel de «véndese» no que a Armada administraba as augas bulidoras do Beelle, fonte de enerxía n´A Fervenza do Beelle, bato coa casa do camarada e amigo, Xoán García. Quen mora, con Viruca Ríos, nunha casa con hortas e xardíns partillados con outros membros da ilustre familia Ríos, carboeiros que foran na Costa de Xuvia. E baixo da parra deste fogar posta de man común teño parolado moito con este poeta, nedense aínda que nado en Barallobre, no veciño concello de Fene. Un poeta que practica a beleza do sinxelo, que se move por unhas alturas ás que non se debe aspirar senón, tan soamente, das que deben inspirar logo de alentar moita vida en traballos e esforzos arreo, deses que máis que dignificar ao home é este quen os dignifica. Así Xoán García, émulo do Mestre (en senso lato) Pérez Parallé, de Canido (Ferrol) mais residente en O Penedo, de Barallobre. Así e todo, antes de seguir parolando con Xoán, hei de citar ao chamado “Perete”, un poeta esnaquizado por unha Guerra Civil que

tronzara a súa carreira poética, entre o vangardismo e o neotrobadorismo, deixándolle un espazo cativo, mais que el soubera facer grande, de poesía rural, de emerxencia festeira, mais que non daba agachado o vello son da autenticidade. Xoán García, fidelísimo ao recordo do seu Mestre, devólveme estes versos, adicados por “Perete” a “Don Paco da Mercé”: *«Andaba o sol da outonía/na súa barca lournal,/navigando pola ría/e facendo costanía/ na ribeira de O Puntal./Canta o lanzal nordesío/ na láude do solpor/ trovas ao xeito de Esquíu/naquel pazo fidalguío/ moradío dun Señor»*. Nese pazo, o da Mercé, que alá atrás quedou, no Puntal, de Neda, lindeiro que fai honor ao nome, unha punta de lanza, ben afiada, no mapa, a separar Neda de Fene. Nese pazo, digo, hoxe propiedade do arquitecto Alfredo Alcalá Navarro, morara o mítico médico Don Paco Cebreiro, estatua no seu honor na Avenida de Algeciras, do concello nedense, obra do ferrolán Xoán Xosé Braxe. E ferrolán era, tamén, Don Paco, coñecido como “O médico dos pobres”, quen en Neda, primeiro na Toeira, logo no pazo da súa propiedade, deixou impronta de home xeneroso e entregado. Esas características farían del parcial da causa republicana, que o levaría a unha estadía ben perigosa no Castelo de San Felipe nos primeiros tempos da guerra. Represalías que recuncarían nel nos penosos anos da posguerra, con Don Paco, preso de novo, agora por algunha máis que presunta atención médica a membros do maquis, moi presentes nas súas actividades na bisbarra de Ferrol nos anos corenta. Don Paco “o da Mercé” non deixou obra escrita, que saibamos, mais si que vén sendo un personaxe cal escapado de Pérez Galdós ou Pío Baroja ou, se cadra, moi chamativo na súa vertente de héroe «déclassé» dunha caste de fidalgos. O seu pazo aparece nunha novela de Xavier Alcalá, irmán de Alfredo, *Alén da desventura*, gañadora do Premio Blanco Amor, inscrita nun marco decididamente ilustrado. Un exemplo de tan lustrosa narración: *«A cara vexiguenta da lúa parecía ollar o mundo por cima da terra de Trasancos e o seu ronsel de prata arrastrábase, recto, sobre a ría. Preto da medianoite as centinelas abriron o portón e a figura maciza dun oficial con chapeo de tres bicos e capa comezou a baixar polo peirao a modo. Os mariñeiros saudaron e o oficial acomodouse na bancada. O silencio era grande, tanto que a orde do pasaxeiro só precisou de ser un susurro: – A Neda, a casa do comisario.»* Mais agora estamos de novo na morada de Xoán García, desfrutando da súa hospitalidade e conversa. Xoán García, home traballador e traballado, ten pouco que ver coa consabida personalidade dos profesores-escritores, a meirande parte dos que no mundo son ou somos. Xoán, quen ten tocado sobre todo o piano poético (e non esquezo ao xornalista, ou o das historias para cativos), posúe o don da sinxeleza, mais sen que esta desbote unha teima en procurar alturas desde o convencemento de que nada como os lugares de orixe para engrandecelos máis se tocados por unha pluma sensible. A que manexa Xoán García, quen ten feito poemas e letras de cancións, Neda é terra moi musical con “Lucero del Alba” como agrupación sobranceira, rondalla de pulso e púa na que citar nomes sería preterir aos non enumerados por razóns de espazo. Raros os libros de Xoán nos que non se deixe ver Neda ou o seu entorno. Desta volta, haberá máis, sen dúbida, coas que honrar figura

tan sobranceira, amigablemente sobranceira, cal a que Xoán García proxecta. E di García no seu poema “Panadeira”. *«Agarimeira rapaza/ doce como un amorodo/ guapa como unha chorima/ lista como unha calandra./ Panadeiriña de Neda/ que enforas pan de trigo/ dime a que hora poido/ estar a solas contigo./ No teu forno os dous xuntiños/ ó pé da fornela quente./ Dimo panadeira linda/ despois has de querer sempre./ Toda a noite enforando/ os dous metendo no forno/ leña de toxo e piorno/ e un bolo de vez en cando.»* Con Xoán García (e Viruquiña) sempre teño a sensación de que o tempo fica parado, na súa casa viaxeira, tan pertiño da estación e máis da ribeira. E subindo por Castelao, logo de enlazar con Xeneral Morgado (a quen se lle debeu, á súa intercesión, que o ferrocarril chegase a Neda) arribamos á Praza da Rectoral. Sempre fago nela un alto, para lembrar a miña avoa e madriña que nela nacera. María Rodríguez non deixou, de certo, obra literaria, senón aquela que seu neto lle adicase, mais quero traela aquí porque, freguesa de cativa de San Nicolás (logo pasaría selo de Santa María de Neda) nunca deixou de chamarlle a Don Diego de Esquíu, “Pilatos”, por ser crenza popular que a ese sartego viñera dar o poncio aquel que ficou como paradigma de lavado de mans diante dun problema de pouco doada solución. Logo, pola Rúa do Castro, baixando cara ao peirao de San Nicolás, paramos diante da igrexa adicada ao santo de Bari, o dos cativiños no bocoi. Dentro agarda por nós, cabaleiro a dormir o sono eterno, cabaleiro coas armas xa en repouso, Don Diego de Esquíu. Os dous esquíos que denominan a caste enfrontados en fermosísima policromía acobillados ou termando do piñeiro que os acouga. Debaxo un lema di: *«Ave María, gratia plena, Dominus tecum»*. O sartego é dunha fermosura conmovedora e un pensa, véndoo, que ben poidera ter nel acougado Don Fernando Esquíu, por máis que que lugar mellor para as súas cinzas que o aire dunha mañá de verán, en Neda, con mareas lagarteiras, escoltadas no seu voo cara á ribeira por aquelas aves cantoras que o troveiro deixaba *guarir*. A igrexa de San Nicolás pertence ao estilo gótico *mariñeiro*, século XIV, o que abonaría a miña tese de posible cova para o seu meirande escritor. Ben que no século XVIII sufrixe unha importante modificación. Con todo pode e déixase ver, tamén dos romeiros que durante tres luns consecutivos fan as camiñatas ata chegar a San Nicolás, patrón dos casos pouco doados. Nunha tradición que se reitera noutros lugares, como Madrid, onde a parroquia adicada a este santo é tan italiana cal compre. A nós volver agora polos nosos pasos, por Castro e Real deica chegar á Torre do Reloxo, corpo prismático, vertical, de 1786, e anexa ou incorporada ao hoxe Arquivo Histórico de Neda, primitivamente Hospital do Espírito Santo, fundación da miña antepasada en liña directa, Margarita Fernández do Vilar, criadora da capela e do hospital (que acollía aos peregríns delicados de saúde, camiño de Santiago ou de San André de Teixido) adicado, e o nome non minte, ao paráclito divino. Do hospital apenas fica o dintel, a falar da vontade certamente liberal (por xenerosa) de Margarita. O que fora establecemento benéfico ficara englolido, 1934, pola Casa Consistorial. Á que accedemos por unha escaleira, propia para que o Señor Alcalde, a día de hoxe, Ángel Alvariño, d’O Roxal, adoite posar para o grupo escolar de

peregríns que eu adoito conducir polo Camiño Inglés. En fronte está a Casa de Cultura de Neda, biblioteca forxada por Manuel Pérez Grueiro, un auténtico bule-bule, un correkamiños cultural, pai ou nai do Camiño Inglés tal como o coñecemos no seu formato actual. Dentro da Casa da Cultura, segundo entramos, á esquerda, hai un exemplar (un da escasa ducia que atopan público abeiro) do Mapa de Domingo Fontán. Doado polo nedense que isto asina, quen o recibira da man dos seus anteriores propietarios, os irmáns González-Robatto, eles tamén de caste ou estirpe de Neda. O «Fontán», por este home que nacera en Portas (Pontevedra) e percorrera grande parte de Galicia a lombos de semoviente, e que xa non é que fixera literatura topográfica/ toponimicamente falando, senón que o seu mapa é literatura en estado purísimo, e como tal moi digno de figurar no Roteiro Literario de Neda. E por certo que parte do que hoxe é a Casa de Cultura fora ocupada polas “Reales Fábricas de bizcochos”, fundadas por Felipe II, en 1581, para aprovisionar aos buques que dous anos antes viñeran ter base en Ferrol, logo da desfeita coruñesa provocada polo inglés Francis Drake. E é un autor británico, Winston Graham, ben coñecido por *Poldark* ou *Marnie, a ladra*, quen fala de Neda na súa novela, *The Grove of Eagles*, unha narración que vira ao redor da preparación da Segunda Armada Invencible (1597). E por máis que a referencia sexa humilde quero traela aquí. E di Graham Winston, a tradución é miña: *«Pasou unha semana antes de que a ventanía minguase. Nese tempo houbera dous intentos de zarpar, mais o día cuarto o tempo rolou cara ao noroeste o que, pois sopraba directamente na boca da badía, imposibilitaba a saída. Fíxose todo para que a flota estivese lista para zarpar nunha hora a partir do aviso. Redobráronse igualmente os esforzos para mellorar os nosos subministros. Enviáronse transportes, aprestados en concordancia co resto, a Coruña e Ferrol a recoller máis galleta dos fornos de Neda, e requisar subministros de Santiago, Lugo e do campo dos seus arredores.»* Mais sigamos este pracenteiro camiño que nos leva agora Avenida de Algeciras abaixo, camiño de Balvís, beiras do Beelle, ao Muíño da Furada, hoxe en mans diferentes mais sumamente coidadosas coa ética e a estética do lugar (a copropietaria, Eva Olmo Hermida, Concelleira de Cultura no mandato de Ignacio Cabezón), en mans distintas ás que fixeran dese muíño lugar onde, xunto cunha dúcia de conxéneres, o trigo unha vez moído servía como base para o labor dos forneiros. Pois ben, en A Furada, propiedade daquela dunha tía política de Fernando, Elisa Dragó, casada co seu tío Jorge, partillado con estadías en Ferrol, botara veráns, nos anos cincuenta, e confinamentos (e non por outra pandemia que a ditatorial), Fernando Sánchez-Dragó. Quen aquí chegara en 1938, orfo de pai por circunstancia bélica nunca ben aclarada, e en entrevista publicada na revista *De Neda*, moi ben artellada por Marcos S. Pérez, falaba de como aquí tivera as súas primeiras chamadas ao sexo. *«Jirones en la niebla de recuerdos infantiles»*, como define Sánchez Dragó semellantes lembranzas, esas e outras, así a súa presenza na padaría de Eusebio, de cativo. Mais, isto é máis interesante, dous achegamentos á Santa Compañía, ás que alude na súa obra magna: *Gárgoris y Habidis*. E di que a estadea adoita aparecerse aos homes na proximidade de igrexas con

advocación masculina, así San Nicolás de Neda, e ás mulleres naquelas con padroazgo feminino, Santa María de Neda, poñamos. Sexa como fose autor tan controvertido como cheo de forza pode, e aínda debe, ficar incorporado ao noso Roteiro por dereito propio. Tamén porque se recoñece tacitamente nel, ou tal semella. Pero antes de seguir adiante quero parar no camposanto de Santa María de Neda. Non soamente porque sempre compre ollar pola cova que nos agarda, «*See that my grave is kept clean*», cal cantase o inmenso *Blind Lemon Jefferson*, senón porque nese camposanto xaz un poeta posromántico tan esquecido hoxe como valioso. Falo de Enrique Malde Vizoso, el asinaba como Enrique Mal de Vizoso, ollo ao xogo conceptista non exento de morbo, en puridade naronés, en Narón nacera e morrera, entre 1896 e 1923, e alí ten rúa, no comezo da *Estrada do 13*. Pois ben, os desposos do poeta aquí están, nunha cova colectiva, e sempre que paso diante dela nunca deixo de pousar nela o meu prego laico cal unha rosa negra, en lembranza dun home que tivera unha vida tan curta como, supoño, pouco afortunada, quen nos deixara libros como o que teño diante miña, chamado *Añoranzas e melancolías*, como dun Rubén Darío ollado cun prismático revirado, ou posto do revés. No que lemos cousas como: «*Yo quisiera que mi vida fuera así todo un instante/ abstraído en el encanto de esta hora misteriosa./ ¡Oh! La sed de lo Infinito de las almas torturadas;/ ¡oh! La santa poesía de la tarde melancólica.*» No camposanto de Santa María de Neda hai un panteón, hoxe cáseque en desfeita, ao menos, no seu interior vese a vella lámpada solemne verquida polo chan en mil anacos. Ese panteón abeira os corpos derrotados de quen fora a familia Barcón, no seu momento a máis poderosa de Xuvia-Neda, propietaria da Fábrica, por definición, que ha saír neste roteiro un pouco máis adiante. E seguindo o noso rumbo pola estrada que fixo vello os Camiños (Empedrón, Casadelos, Toeira) nos que andaban os nosos ancestros, logo de pasar Coto e Toeira, sempre en sentido inverso ao que levan os peregríns, que ao vir por esta calzada (trazado de 1866) perden ou omiten o paseo marítimo de Neda, viaxeiro en paralelo co de Narón, chegamos a Portádego. Onde o número 34 (agora de Toeira; houbo algo así como un corremento no rueiro, amplificando un nome que sendo eu cativo ciaba uns cen metros; certo que Portádego segue presente un pouco máis alá) ten para mín un son de berce, un aquel de arronrrón. Aquí nacín, e aquí –como na canción de Los Limones– quero ficar. Como e cando, non volo sei que os camiños de Neda, tamén os literarios, teñen o sabor do inesperado. Ora, si sei que a metade da miña obra, cando menos, ten sabor a Neda. Algúns títulos: *Xuvia*, *Xuvia Revisitada*, *No se llora con la boca llena. Como un verano en Neda*, en poesía. *Xuvia-Neda*, en narrativa. Iso sen contar as aparicións estelares, como tal, como Nebia (homenaxe a Carmen Kurtz cal teremos de ver máis adiante), en novelas como *A canción do verán*, de onde saen Pacho Fontenla e Fandiño, camiño de A Coruña, ou *Través do trebón* (que transcorre en Estaleiro-Ferrol, mais cun *detour* cara Nebia). Á parte as múltiples colaboracións en xornais ou revistas, maiormente en *De Neda*. Sen esquecer a revista poética *Olga*, que me honro en dirixir, que ten adicado un número monográfico adicado a Neda, con Fernando Esquíu como

personaxe sobranceiro da entrega (e foto na capa do sartego de Don Diego de Esquio, fotografado por Francisco Fernández Cagiao). Disimulade pola autocita, mais estou xa nunha idade (71 anos na altura) na que non quero nin debo permitirme falsas modestias. E moito menos agachar unha obra dirixida inequivocamente cara a un lugar polo que sinto un amor carnal. Entendido o meu sentimento en senso lato. O primeiro libro no que din sinais de vida nedense foi *Xuvia*, que é de 1983, editado en Madrid por Brais Pinto, aquela aventura decididamente romántica, coxestionada por César Arias e Reimundo Patiño. *Xuvia* levaba un prólogo ben fermoso de Pepe Cáccamo (desculpen a confianza, mais así viña asinado) e ilustracións de Siro. Neste libro verquín en fervenza todo aquel amor amoreado dentro miña desde cativo e que tiña que ir dar no mar da ribeira. Un río-mar, ría xa que logo, especialmente espectacular no tempo das mareas lagarteiras, que noutro lugares chaman *mareas vivas*: nós sómoslle así. Nós somos habitantes dunhas estrada longa, que se sosega na Vila de Neda, e ten os consabidos *detours*, desde onde agora me atopo cara á Mourela e O Roxal. Nomes tan fermosos ambos que a Novoneyra aínda lle darían para encetar un poema. Subiremos a eles. No interín, volvendo ao meu (pequeno) mundo, disimulade, digo que *Xuvia revisitada* é do ano 2008, cadrando coa honra que me fixo Neda, o seu Concello, de me facer Fillo Predilecto. O libro xa estaba escrito mais cadrou que saíse daquela. Nel está o meu segundo epitafio (en *Xuvia* algo había tamén nesta liña, pero moito máis longo). E di o epílogo á miña vida:

*Amei, vivín, soñei,
non fixen outra cousa
que camiñar amodo
coa paixón do que busca
no mundo a beleza.
Nada máis natural.
Nacín en Neda.*

A miña primeira idea era que as miñas cinzas voasen ao ceo de Neda, talvez ao que se ergue riba do Coto de Ancos (180 metros de altura, subida ben dura por Casadelos, a que adoito empregar), o segundo do Concello (o meirande, A Louseira, pola parte de Viladonelle, 465 metros) mais o coveiro de Santa María, Roberto, convenceume da importancia de que algo, por pouco que sexa, fiquen na cova. Así que aquí deixo a idea, aos meus herdeiros, enténdase, de que haxa un remate de «*cinzas compartidas*». E este verán apuntei neste poema, ata hoxe inédito, que:

DE MORRER FACELO AQUÍ

*Coa mesma calma,
na mesma cama,
das mareas lagarteiras.
Logo, despois, que decida o Nordés
onde marchar;
mais o coveiro
de Santa María de Neda
di que cómpre deixar
algo onde medren
os bicos que nunca
rematan de darse,
coa mesma calma,
na mesma cama
das mareas lagarteiras.*

Xusto ao lado da miña casa hai un bar onde estivera, sendo eu un cativo, a serrería de Orosa. Despois compráraa un señor, alto, forte, a quen lle dicíamos “O Asturiano”, un home que fixera os seus cartiños levando por eses camiños das festas patronais toda caste de atraccións, por definición, ambulantes. Algúns dos seus descendentes, Moncho, Sonia, Jorge, deron en criar un choio hosteleiro que en honor dalgún ancestro, o mítico Silvent, leva o nome de “Barriga Verde”. Xa se sabe, aquel teatriño festivo no que o díaño acaba levando mocazos de parte do héroe de función, o mítico *Barriga Verde*. Aquelas funcións, eu cheguei ver unha, en Santa María de Neda, precisamente, festas ao redor do 8 de setembro, remataban indefectiblemente con esta alocución de despedida: «*Morreu o demo, acabou a peseta*». Sinal inequívoca de que os espectadores, non soamente xente miúda, senón tamén maiores, común en todos a ollada de asombro diante do que víamos na palabra, no xesto, dos monicreques aqueles, tíñamos de liscar da barraca. Manuel María chegara escribir, e publicar, unha función chamada, xustamente, *Barriga verde*. Mostra da curiosidade do poeta de Outeiro de Rei, no relativo ao acontecer da Nosa Terra. *Andando a Terra*, título ben significativo dun dos libros máis sabedores (e sabidos) de Manuel. Pois ben, cáseque en fronte de “Barriga Verde” está –estaba– “Casa Paco”, fundación que fora (como “Hispano-Argentino”) de Manolo Casal, home emprendedor, emigrante que fora na Arxentina, e mestre consumado no que chaman instrumentos de *pulso e púa*. Casal fundara tamén o que logo foi “Casa Tomás”. E digamos que tanto “Paco” (recomendadísimo na Guía Campsa) como “Tomás” (unha estrela na Michelin) foron referencia obrigada cando comer en Portádego-Toeleira era o mellor que podía facer a xente da bisbarra de Ferrol cando o bandullo demandaba atención. O derradeiro rexente de “Casa Paco” foi Pacucho Fernández Cagiao, quen ao seu labor como motonauta, acadaría catro veces o Campionato de España, unía unha afabilidade e un trato carismático (homes e donas) moi chamativos. A Paco quixeron recoñecelo como

protagonista, so do nome de Pacho Fontenla, da miña novela *A canción de verán* (comezo en Nebia, desenlace en Campolongo); eu non digo que si nin que non, que aquilo de que «*o poeta é um fingidor*» non é soamente cousa de Fernando Pessoa, en fin. O certo é que no que hoxe é a horta de “Casa Paco”, daquela unha silveira, atoparan entobo quen liquidaran ao Tenente Torres, da Garda Civil, no Antroido, de 1949. Torres Santiso vivía, precisamente, no andar superior do que hoxe é “Barriga Verde” e vivendas superiores. Torres viña no tranvía ascendente e, ao baixar deste, fora furado polas balas dos guerrilleiros, ben que –ou iso di a lenda– berraron ao seu gardacostas, Julio, quen viña de terras de Ourense, e marchara logo para San Sadurniño, «*Bótate a un lado, Julio, que isto non vai contigo*». Hai, houbera, moita literatura neste incidente, de momento apenas recollida, por min mesmo, lateralmente. Todo ha vir, poisque o tema o merece. No interín lembremos que os executores caeron todos axiña, e Pacucho tenme falado duns cadáveres traídos nun carro de vacas ata o camposanto de Santa María de Neda. Quen os dirixía, Pancho, morrería en Ombre, Pontedeume, o 31 de decembro de 1954. Con el, no seu fardel de combatente, unha arma, municións, fotografías persoais, 150 gramos de turrón e unha folla de papel cun poema de Pedro Garfias, “Peleemos”. Todo tan literario que semella agachar ou camuflar a inmensa traxedia que viña con esta e tantas outras mortes. E pola vida, apostando por ela, chegaremos ao seu fogar nedense pola estrada de Ortigueira, estaba aquel nativo da Pobra de Caramiñal, chamado Xaquín Cerqueiras, quen viñera exercer o ensino a Neda, antes da guerra. Que era galeguista semella obvio, que estaba neses días de xullo de 36, no sitio menos favorable ao seu sentir, tamén. Probablemente o seu matrimonio con Paca Varela, irmá do oficial da Garda Civil, Aurelio, axudaría ao seu acontecer, a que pasase por todo aquilo a salvo. Non sei. El non falaba deses días, como se fose unha nube negra, unha ventanía, a que borrarase tantas cousas. Sei, en cambio, que canto apuntaba, Xaquín, literariamente falando, antes da guerra, ficará nun nunca saberemos cando nin sequera onde. Del conservo, ademais de algunha caricatura feita co bo pulso e talento aceirado, poemas como o que segue, titulado “Nas festas de setembro”, que leva a seguinte adicatoria: «*Ó amigo e poeta Vicente Araguas, que tivo de entenderme ben*». E di o poema de Cerqueiras: «*O gaiteiro despertoume/ con unha alegre muiñeira./ Hai festa en Santa María,/ Santa María de Neda./ Por estas/ festiveiras datas/ ser cativo/ quen me dera/ e o “pasacalle” da banda/ dirixir, con canaveira/ dun fogo,/ de Millarengo,/ dos que pregoaron as vésperas./ Ir percorrendo rueiros./ Casadelos/ A Mourela,/ Xuvia,/ Roxal e/ San Cidre/ Cruz do Pouso/ Gandarela/ O Puntal e máis os Castros/ e logo, bailar as pezas/ ao remate da función./ O piperete da terra/ –bola– terei de xantar/ coa familia,/ ben de presa/ para ir correndo/ ao adro/ polo serán./ Se me deixan/ estarei/ deica o remate/ da xoldra,/ se non me levan/ para que me deite e durma/ despois de comer a cea./ Meus desexos de cativo/ non podo ter aínda que queira/ os anos que me fan vello/ ¡oxalá! non os tivera.*» Poesía costumista, certo, poesía de interese local, certo, mais quen dixo que o que se escribe, pegadiño á terra, non sexa como unha

frecha no azul, por dicilo con palabra de Arthur Koestler, hoxe tan esquecido, ata que volva unha vaga intelixente e sensible para devolvelo aos lectores? A maiores estimo en Cerqueiras ese xogo cos topónimos, co seu senso musical, tan poeta radical *malgré lui* que dá xenio. Unha mágoa, insisto, ese tempo bélico, e a súa dramática prórroga, que non deixaron ver que tería sido do poeta (e músico, e artista) Cerqueiras en circunstancia favorable. E se, ao subir, entramos pola Mourela do Medio chegaremos ao rueiro ou praciña do que saíra Antonio Romero, da chamada “Casa do Galo” pola figura que remataba o cataventos dunha morada que logo sería tenda, avó do director de cine norteamericano (nado en Nova York) George A. Romero. Ben coñecido pola súa película *Night of the living dead*, *A noite dos mortos vivintes*. Don Antonio marchara para Cuba, como tantos paisanos de aqueles tempos. Ben que indo e vindo puxera casa en Coruña, na que naceu, en Nova York, seu fillo Jorge, pai do director de cine (a nai, a lituana Ann Dvorski). O máis interesante desta historia, orixe nedense (e na Mourela fica algunha padaría, en Neda hai cando menos dúas delas), xa digo, é que para a súa famosísima película George A. Romero non botou man dos zombis haitianos, un supoñer, senón da Santa Compañía como cerne e esencia, cal fixera, como xa vimos, outro ilustre vencellado a Neda, Fernando Sánchez Dragó. E agora imos abordar Ancos, o Coto de Ancos; unha vez o (in)corrector de estilo dun xornal galego mudoume Coto de Ancos en Couto de Ancos, que hai que ser ignorante, como se eu non soubese distinguir entre alturas e terreos vedados, en fin. O caso é que imos subir polo camiño máis doado (o duro está moito máis abaixo, en Casadelos), que é o que se emboca pola Cruz do Pouso. Subindo, subindo, deixamos a un lado a fábrica de pirotecnia de Millarengo, a citada por Xaquín Cerqueiras, a que enchera de luz e boureo as festas de moitos quilómetros á redonda. E agora temos de chegar a Ancos. E chegaremos seguindo unha pista forestal ben coidada, doada para ciclistas con certo percorrido e, por suposto, para camiñantes con ganas de chegar aos sitios sen ter que botar man de vehículos contaminantes, mala praga que se ben permiten que máis xente chegue ao miradoiro de Ancos non deixan de ser un atranco para o ambiente purísimo que se percibía cando o Coto era, primeiro, non hai máis que ver fotografías dos anos vinte, monte raso, logo piñeiral, o que eu vivín de cativo, agora –mágoa– bosque de eucaliptos, onde soamente faltan uns cantos koalas que nos digan que erramos, que isto non é Galicia, senón satélite ou apéndice de Australia, en fin. Pasado o desvío que nos levaría a Millarengo, lugar afastado e protexido, por razóns obvias, daremos co manancial que surtía ás “Aguas de la Basana”, de Galego, publicitadas con este versos pintorescos, cal o corzo que vin este verán, perdidíño polo curuto (ou periquito, dicimos por estas terras, para nomear un cumio) de Ancos: «*Estas fiestas, sin Aguas de la Basana, ni son fiestas ni son nada*». A fonte de Aureana ten, lástima fora, a súa lenda. Que nos fala dun viúvo que ten tres fillas. Unha bruxa quere casar con el. Rexeitada, muda ás rapazas en queixos. O viúvo, famento, talla un deles. Para liscar do feitizo as cativas mudan en cabalos. Mais o que cadra co queixo en cuestión está coxo. De maneira que para zafar non pode senón trocar agora en manancial.

Combinada esta lenda con outra que nos fala dunha galiña que se deixa ver na noite de San Xoán, acompañada duns pitos, de ouro. A galiña e os polos dan voltas ao redor da Fonte da Aureana, ou sexa, que un par de historias polo mesmo prezo, nun marco, Ancos, segundo o dito popular, oco, e cheo de auga. De maneira que se algún día se produza unha catástrofe Neda, cal nova Atlántida, ficará asolagada para sempre. Trátase de literatura, menor, se se quere, mais semellante á producida noutros lugares, pero cun aquel de alarde sempre novo. Como semella pola súa afouteza hiperbólica Domingo Díaz de Robles, militar e escritor ferrolán (de 1812, morto en Madrid en 1867). Díaz de Robles fixo moitas cousas, a combinar armas e letras, mais a que me chama a atención nomeadamente é que fundara e dirixira unha publicación chamada *El idólatra de Galicia*. Mais quero traer aquí a Don Domingo, ao curuto de Ancos, ao miradoiro visitadísimo, onde acougar nun banco, deses que abundan últimamente e reciben o apelativo de “o máis bonito de...”, porque –esaxerado– escribira nun dos seus trece poemas galegos: «*Ao monte Ancos que aguanta/ sobre seus hombros o ceo.*» Hiperbólico, claro. Nada sorprendente se coidamos no panorama que se espreita desde o cumio de Ancos. Mesmo as Sisargas pódense espreitar desde semellante altura. E non estrañará que nas súas inmediacións, segundo tomamos un atallo que fora corredoira fonda, houbera un castro, correspondente co que se quixo unha cidade mítica, Libunca, sen excesivo percorrido, quitando un conxunto de fútbol modesto, de San Xoán de Filgueira, por certo, un pouco alonxado do terreo que nos ocupa, e algunhas divagacións postrománticas. Das que se fixo eco, antes do romanticismo, desde logo, o Padre Sarmiento, cando ao albiscar Neda, distante do Mosteiro do Couto, «*por tierra y puente una legua larga*», ao falar das alturas nedenses, ben que omitindo A Louseira, «*el monte más a mediodía se llama Marraxón y el de hacia el Norte, Ancos, en cuya cumbre dicen hubo una ciudad y hay ruinas de castillo*». Isto último nunca comprobado polo bo do Padre, quen neste caso falou de oídas, cousa que fixo ás veces como é natural nunha viaxe cal a que fixera por Galicia, 1745, en carruaxe ou a lombos de semoventes, o que ten moitísimo mérito. Digo que nunca o comprobou *in situ* porque de telo feito vería que tal Castelo nunca existira senón na imaxinación dos seus informantes. Así e todo o Coto de Ancos ten inspirado poetas. Entre eles o xa citado Xoán García, quen volve aquí por dereito propio co seu poema “Monte Ancos”: «*Ardente cume do Ancos/ onde a historia se peitea./ No teito dos Coronados/ onde se respira vida/ as nubes cheiran a festa/ a pan de salitre, a amor/ e parolan amigables/ cos habitantes do Castro/ na lingua de Breogán./ Alí,/ onde a lúas sesteia/ en berce de deusa altiva/ cuberto seu corpo esvelto/ con panos de seda e liño/ na espera calmosa e breve/ en que chegue a noite meiga/para saír alumar/ cun facho de amor e bicos/ e un ronsel de soidades./ Onde luceiros e estrelas/ tanxen arpas e zanfonas/ que aledan firmamentos/ de solpores e penumbras/ silandeiros pensamentos/ mermoria de señardade./ Ancos,/ que dende as lombas vixías/ horizontes de augas bravas/ mainiños ríos e rías/ faros que guían velames/ de cores azul as branca.*» Esas velas que bulían pola ribeira do Río Grande de Xuvia cando

non había tantas pontes que o atrancasen. E pois seguimos en Ancos quixera agora citar un poema meu, ao que lle quixen dar un aire mitolóxico e decididamente literario. Por mor dunha posible mitoloxía de Xuvia, a que di que ten que ver con Iovis, e iso por aparecer en documentos medievais como *loiva*; resultando así un moi discutible *Ara Iovis*, tendo estado semellante altar, de novo, no cumio de Ancos. E digo no meu poema, chamado “Ara Iovis de novo”: «*Ílan as vítimas propiciatorias/ por un camiño mesto/ nin sequera de toxos/ que estes viñeron despois, cos romanos./ Continuadores, si,/ da rota dos sacrificios pasando/ por Ancos, deseñando/ no Coto un regueiro de sangue,/ no que algúns bautizan Ara Iovis/ e daí Xuvia topónimo./ Eu non lles sei, eu pouco/ sei senón que subir a Ancos é tocar o ceo/ tamén que agora os namorados/ fan sacrificios no periquito deste monte/ mais a Venus, outra maneira de forxar mitos.*» O Coto de Ancos, se cadra a mellor panorámica da bisbarra (para min, desculpen a fachenda, a mellor do mundo), desde o que se poden ver dous concellos, o industrioso, Narón, o bucólico, Neda. E, logo, panorama de guindastres, Ferrol e Fene. E, máis, ao fondo, confundido entre da cálida, Coruña: outra, definitivamente, historia, sempre referencia nosa, tamén literaria. E baixando do Coto, agora pola costa máis dura, mais soamente que o descenso sempre viste de alivio, chegamos ao Camiño Vello de Casadelos (de novo as etimoloxías paveras, a falar dunha Casa de Helios ou, mellor aínda, da Casa Deles, que non anda moi errada; as casas adoitan ser *deles*, dos outros, sobre todo cando andamos perdidos). Mais non é agora o caso, que este Camiño Vello é ben coñecido noso, por máis que hai moito perdera o nome a favor de Victorino Novo, propietario onomástico desta rúa, digamos, en costa. Victorino Novo non era de Neda, senón de Ferrol, onde nacería en 1855 (morrendo en Coruña, 1899). Publicista de mérito, como se dicía daquela, dirixira en Cuba o xornal *Las hijas de Eva* e fora o primeiro director de *El Correo Gallego*, á parte de prologar obras de Francisco Añón e Teodosio Vesteiro Torres e de recompilar un *Romancero de Galicia*, con proemio, neste caso, de Benito Vicetto. Debeu de facer cousas importantes a prol de Neda, na súa condición de deputado provincial, razón pola que lle sería outorgado ese honor no rueiro nedense. Victorino Novo tivo casa un tempo en Santa María de Neda, onde botaría parte da mocidade seu fillo, Adelardo Novo Brocas, outro personaxe na prensa cubana; encarcerado no 36, en Pamplona, cando era gobernador civil de Logroño, morreu nun hospital desta cidade, en 1939. Adelardo Novo aparece en fotos, non moitas, das primeiras décadas do século pasado, como personaxe chamativo. E agora, logo de facer un alto nun café moi clásico, chamado “La Flor de Mayo”; na súa fundación, “El Primero de Mayo”, nome despois mudado, por razóns obvias, embocamos unha parte moi sobranceira do noso percorrido. Non outra que a Fábrica de Xuvia (ou de *Jubia*, tal como tamén se lle coñece, ou coñecía). Fundada en 1790, so do nome de *Fabrica Nacional de Cobretería*, coa idea de forrar os buques, de madeira, feitos no estaleiro de Ferrol. Mais non sería ata 1803 cando comezaría a produción. Pero a Guerra de Independencia (*Peninsular War* para os ingleses) mudaría o plan. Poisque estando a Ceca de Segovia en mans francesas, a nosa Fábrica pasou,

precisamente, a converterse en Ceca. Moedas de cobre, basicamente, e diante miña teño algún maravedí de Fernando VII e Isabel II, procedentes da Ceca *de Juvia*, na que tamén se fixera folla de lata para o nacente choio conserveiro. Verbo das moedas, para o seu estudo e contemplación exhaustivas, temos un libro básico, *Jubia. Catálogo especializado*, de Daniel Casal Fernández & Pablo Núñez Meneses. Para a análise fotográfica do establecemento é fundamental o lugar que ocupa no Facebook o espazo chamado *Fotos antiguas de la Fábrica de Jubia y alrededores*, que –polo demais– anuncia libros ao respecto de saída inmediata. Logo de abandonada a Ceca, e a desfeita e desleixo conseguinte o señor Barcón y Quevedo, 1876, faríase co decadente emporio, creando nel a “Sociedad Textil Barcón e Cía. Hilados y Tejidos”, o máis semellante, cos seus catrocentos traballadores, á revolución industrial na nosa bisbarra. Unha empresa visitada, en 1900, pola aínda Raíña Rexente, María Cristina de Habsburgo, acompañada do seu fillo, Alfonso, a piques este xa de ser Alfonso XIII. Este habería volver xa de maior pola Fábrica e arredores, deixando impronta de canfurneiro en lugares como o Pazo de Isabel II, no Roxal (tema este para unha historia que aquí non cabe). A Fábrica mudaría de propietarios en 1956, pasando ser “Galicia Textil”, e aínda en 1982, agora co nome de “Textil santanderina”, ata a situación actual, cunha desas crises recorrentes que remexen de cando en vez o bandullo de empresa tan chamativa. Que xa aparecía nunha novela de Francisco Suárez García, autor ferrolán e político (fora alcalde de Ferrol nos tempos da “Gloriosa”, e activista de primeira liña cando o alzamento republicano-federal no reinado tan efémero de Amadeo I). Esa novela é *Grandal*, e o seu protagonista un hercúleo seranteño, quen aborta o asalto duns bandidos á Fábrica de Xuvia. Suárez García, a dicir de Torrente Ballester, non daría pasado dun ámbito lector cun radio de acción limitadísima (eu, non obstante, coñecín unha dona de Luque (Córdoba), entusiasta de *Grandal* e *Los invasores*). Así e todo Suárez García ben merece, polo sinalado, posto de honor neste percorrido. Como tamén debe figurar Benito Vicetto, ferrolán, igualmente, dono tamén dunha biografía turbulenta, como dunha obra tan ampla como discutible. Entre ela salienta, pola musculatura, a súa voluminosa *Historia de Galicia*, chea de todo agás de rigor, na que Neda se deixa ver inevitable e alebrestadamente. Mais o conto é que Benito Vicetto foi superintendente da Fábrica de Cobretería, de Xuvia, en 1868, por un breve espazo de tempo. O que tardara o goberno provisional en liquidala, xunto coa Ceca de Segovia; centralizando a produción na Ceca de Madrid, por contar esta con máquina de vapor para o mester numismático. A Fábrica de Xuvia, coa súa sirena, regulaba de algunha maneira o tráfico vital desta parte de Neda, arraiana xa con Narón, de maneira semellante a como, en Ferrol, o *pito* da Constructora, logo Empresa Nacional Bazán, aínda despois Navantia, facía o propio, marcando as horas de entrada e saída. Mais, de momento, intentos modernos valiosísimos cal o xa citado de *Fotos antiguas* (en mans de dous personaxes beneméritos cal son Fernando Masafret Fojo e Tomás Casal Pita) a novela, non soamente da Fábrica, coa sección adxunta de Curtidos (houbera tamén unha industria de fabricación de xeo, incorporada ao complexo) senón relativa ao

elemento humano que ao redor dela bulía non é outra que *Detrás de la piedra*, hai varias edicións dela, mais actualmente descatalogada a última que por aí rola é a da Colección Reno, da editorial Plaza & Janés, da escritora Carmen Kurtz, pseudónimo de Carmen de Rafael Marés, nada e morta en Barcelona, 1911-1999. O conto é que esta novela pasara practicamente desapercibida (para min, sen dúbida) nas súas primeiras edicións. E agora vou citar, literalmente, dispoño dunha carta da autora, quen responderá ás miñas preguntas de suxeito, tan fascinado como perplexo, unha vez que meu fraternal amigo, Luis Torres Foira, puxera no meu coñecemento tan *extraordinaria* (no senso de saírse do común, novela), a Carmen Kurtz. «*Querido amigo: de pronto, un libro publicado en 1958 por una editorial que se fue a pique, reeditado por Bullón que también quebró, vuelto a editar por el Círculo de Lectores poco después, y finalmente editado en 1975 por Plaza y Janés, vuelve a ser noticia*». Referíase Carmen Kurtz, nesta misiva do 5 de abril de 1984, a unha miña carta (da que non conservo copia) na que facía mención a como unha autora, tan allea a nós, podía escribir de algo tan noso con semellante fervenza de datos, con tanto coñecemento. E continúa a misiva da autora de *El desconocido*, Premio Planeta, curiosa historia sobre un home que volve, ao bordo do mítico Semíramis, do cautiverio ruso onde o levará o seu alistamento na División Azul: «*No, no es usted impertinente ni tampoco atrevido, al contrario; el tono de su carta no puede ser más comedido y amable. Supone bien al decir que Carmen Kurtz nada tiene que ver con Nebia. Nunca he estado en Galicia y lo lamento; sé que es preciosa. En 1957 conocí a un individuo, catalán que sí había vivido allí muchos años y que regresó a su Barcelona natal a fines de los cincuenta. Él me contó la “conmovedora historia”, falsa de pies a cabeza, que yo novelé. Lo verdaderamente cierto es que estuvo en la cárcel y muy merecidamente a juzgar por las trampas y estafas que viene haciendo en esta ciudad año tras año. No voy a darle su nombre porque esto parecería venganza personal y yo nunca me he vengado de nadie. La vida se encarga de castigar a los truhanes*». A verdade é que nada descubro, andan por aí referencias varias que emparellan a José María Calzado y Dalmases, “Kaydeda”, con Carmen Kurtz. Máis aínda, as primeiras versións da novela contan cunha chamativa adicatoria “A José María”, dedicatoria posteriormente desaparecida. O certo é que o polifacético “Kaydeda”, personaxe definitivamente baroxiano, e corresponsal de Don Pío nos anos corenta, tal como vemos nalgún momento das *Memorias* deste, a quen tiveron o pracer de coñecer no Café Gijón, de Madrid, con quen partillei páxinas na revista *Leer* (de onde saíra malamente logo de que un hebdomedario mexicano acusara a “Kaydeda” de ter plaxiado non sei que artigo por eles publicado), foi obviamente o inspirador desta novela. Na que un pretendido opositor ao rexime de Franco, cando menos a un dos seus esbirros, o Tenente da Garda Civil Olmedilla, trasunto máis que posible dun personaxe real e morador da Nebia (mistura de Xuvia e Neda; topónimo do que me teño apropiado, en apropiación debida, espero, en máis dunha ocasión), acaba no cárcere por falsa acusación. De roubo –de seiscentas pesetas, nin tan sequera para a época unha cantidade

importante— con escalo. A casa atropelada, unha ben señorial, pegadiña á Fábrica. A de Xuvia, si, onde exercía como enxeñeiro Julio, o protagonista da novela. Julio, denunciado por un delator, o único que aparece co seu nome real, mellor, co seu alcume, apodo ou hipocorístico (se nos poñemos finos; trateino moito e morreu sumamente agradecido á defensa que del fixen, en elipse, poisque daquela, ao acadar a novela auténtico espallamento vía Plaza & Janés, quen escribíramos do choio fora a base de *understatements*), vai parar ao cárcere. En páxinas que están moi ben, na tradición realista, tinguida do certo existencialismo que se levaba daquela, mais que non dispoñen, loxicamente, da cor local que é o que aquí interesa. Porque semella nido que o informante de Carmen Kurtz, “Kaydeda” moi probablemente, e todos os camiños conducen a el, esmerouse en dar á autora todos os datos que fosen precisos para que o dardo chegase ao albo. Desta maneira a descrición da Xuvia-Neda da posguerra semella impecable. Por dentro e por fóra, con aquel sentir adurmido que a ditadura propiciaba, ao que non era en absoluto allea a perguiza intelectual orzada por unha igrexa obediente ás consignas e o sometimento global subliñado polas *fuerzas vivas*, coa axuda inestimable das forzas represivas. E volvo á carta que me enviara Carmen Kurtz: *«¿Por qué escribí Detrás de la piedra. En aquellos años cincuenta y tantos, recuérdelo, los verdaderos mártires del franquismo fueron utilísimos para los falsos. Escribir una novela sobre un injustamente acusado, sobre alguien que había estado en la cárcel, fue muy tentador. El entorno, es decir: los personajes secundarios y el ambiente comarcal, surgieron inevitablemente. Supongo que un mero afán de notoriedad impulsó al verdadero protagonista de los hechos a darme nombres verdaderos en lugar de falsos nombres. Yo, entonces, no tenía razón alguna para sospechar. Y hasta hoy no he sabido el daño que quizás he causado»*. Nomes verdadeiros, non exactamente. Un exemplo: Bercos e Bascón, con que se cruza Julio ao tomar o tranvía na Porta Nova (de Ferrol, claro) son Bescos e Barcón, “Castrito”, xa se dixo ou insinuou, é “Castrito”, “O Madrileño”, idade mudada, non é de imposible identificación, como Magina e a filla, e así sucesivamente, neste *trompe d’oeil* involuntario forxado por unha narradora de moito talento, que fora amiga, amante, compañeira dun personaxe, catalán de orixe, como tantos vencellados á Fabrica de Tecidos (Orriols, Masafret, Dalmases), fascinante, xa digo, que logo dun percorrido curiosísimo, acabaría os seus días en Oleiros, á fronte dun museu de cerámica. Del di Carmen Kurtz na súa carta, antes de rematar coa petición, da que fixen caso omiso, xa se ve de que esquecera o libro *«como yo he olvidado al inspirador del mismo»*: *«Le aseguro que nada tengo contra Nebia y que lamento muy de veras haber descrito aquel lugar tan certeramente. Lo único que intenté fue exculpar a un culpable que probablemente no ha hecho otra cosa en su vida que explotar la buena fe ajena»*. E deixo aquí a historia dunha historia de cando fomos novela, de parte dunha novelista de prestixio, hoxe un chisco esquecida de non ser pola lectura recorrente que nós, os nedenses, facemos dela cada vez que sae a relouer tan enigmática historia. Verbo de “Kaydeda”, e o anuario maravilloso *De Neda*, impensable sen a man sabida e liberal,

por xenerosa, de Manuel Pérez Grueiro, reinventor, xa se dixo, xunto con algún outro persoeiro, do “Camiño Inglés”, que dorme a primeira etapa no Albergue ou no Instituto Fernando Esquíó, veciños ambos do lugar onde agora estamos, non me deixará mentir, debo dicir que batín con el nun par de ocasións, veráns de 2002 e 2003. Fora velo a Oleiros na compañía de Paco Fernández Caxiao, quen fixera as fotos oportunas. E atopei a un home disposto a omitir poucas cousas. Non, desde logo, a súa relación amatoria con Carmen Kurtz, da que saíra esta novela, merecente –cando menos– dunha placa na ponte que afasta Neda de Narón, tan ben retratada na novela. “Kaydeda”, cando nos atopamos, estaba aínda en plenitude artística, tiña daquela oitenta e un, oitenta e dous anos, e pintaba, esculpía, facía cerámica con vigor e fervor de home novo aínda. Eu pintárao como *«moito máis que unha sombra silandeira entre buxos, carballos e plátanos»*. El autopintárase, 1956, en terceira persoa na lapela do seu libro de poemas, que veño de conseguir recentemente, *24 Horas (Versos humanos)*: *«Fue procesado, tuvo barraca de feria y le prepararon a bien morir. Se licenció en “Humanidades” en una cárcel de partido. Presenció el garrote vil, abortos y partos violentos. Sufrió calumnia y persecución de viuda estéril. Es encarcelado y sentado en el banquillo de los acusados»*. Como tal, como home diverso, polifacético, múltiple, fillo dun país definitivamente celtibérico, solanesco, celiano, kaydediano, quero gardalo na miña memoria, como gardan lembranzas e –mesmo– visións os magnolios que foran medrando a ambas beiras da ponte, que fora de madeira, logo de ferro, con aqueles mergulladores marabillosos que desde ela se chimpaban nas augas do Río Grande cando comeza a facerse ría. Esa ponte tan maxistralmente narrada por Carmen Kurtz, ollo, unha muller que segundo confesión propia nunca estivera con nós. E escribe Carmen de Rafael Marés en *Detrás de la piedra*, ao describir o comezo do calvario de Julio, camiño do cuartel da Garda Civil, hoxe tan fulminado como tantas outras cousas: *«Estamos sobre el puente y dejamos pasar el tranvía que une el pueblo a la ciudad. La barandilla es de hierro, fina y pulida por años de manoseo. Miro hacia abajo y veo las piedras húmedas y las hoyas que aún guardan un poco de agua. Dentro de unas horas la Ría irá llena y se perderá entre las faldas de los montes»*. Esa ponte que ten ollado tantas cousas, tamén aquela parella de milicianos nos días arrepiantes do verán do 36 ou –setembro dese mesmo ano– a manifestación que celebraba a toma de Toledo polos sublevados e acabará abruptamente, atropelada por un camiión nas Telleiras, xa no Concello de Narón, mais tamén Xuvia a todos os efectos, que temos Xuvia-Narón e Xuvia-Neda. Por iso quero engadir este poema de Xosé Crecente Vega, párroco que fora nos anos vinte do século pasado en San Xiao de Narón. Crecente Vega é un poeta marabilloso, telúrico, mesmo hилоzoísta, deses que se integran na paisaxe e integran/ entrañan esta no corpo. E tanto son quen de facela súa que tamén o asfalto, ou o que fica del pode formar parte da súa poética. Tamén porque esta estrada é a que vindo da nosa parte, aínda que serpenteando, vai dar a Ferrol. E di “Carreteiriña de Narón”. *«Carreteiriña de Narón! Ti, miña/ amiga fiel de tempos suspirados,/ cheos de cor e zume coma os prados/ que á túa beira tes; carreteiriña/*

*branca coma unha faixa de baeta,/ para onde eu pasei mil veces coma un tolo/
facendo versos e falando solo/ das miñas cousas de home e de poeta./ Non te
esquencín, sendeiro mimosiño,/ nin te esquencerei nunca. Non e non!/ Ben che vexo as
ourelas coma entón/ alegre florecer. Lixeiras teño/ as azas do recordo e do cariño/ e
por ti de cotío vou e veño.» E pois metido en fariña, e porque creo en Galicia como
unidade absoluta, da que Neda non é senón un anaco, por máis que glorioso,
cumprindo xa o seu posible Roteiro, quixera rematar esta reflexión apaixonada, talvez
porque con Alfred de Musset: «*mon verre n'est pas grand mais je bois dans mon
verre*», volvendo de novo a un dos grandes poetas chairegos, como dicir galegos,
naturalmente, Crecente Vega, a quen o vento trouxera da nosa parte e soubo devolver
con xenerosidade canto dela recibira. E escribira Crecente:*

*Suspira o pinar e soña
cego de azul poesía,
todo polo azul da ría.
O veleiro vai que estala
de fachenda e de alegría
todo polo azul da ría.
A gaivota anda ben leda
branca de sol e de día,
todo polo azul da ría.
I hai un orballo de ensoño
—Ai Xubia! Ai Santa María!—
todo polo azul da ría.
cuase non se ve; na auga
és cor, no ar fantesía,
todo polo azul da ría.*

VICENTE ARAGUAS

Neda-Majadahonda, agosto, setembro 2021

CRÓNICA FOTOGRÁFICA DO ROTEIRO

(Autor das fotos: Calros da Rubiña)



Camposanto de Neda



Casa das Palmeiras



Panorámica de Neda



Ponte Vella de Neda



Igrexa de San Nicolás



Sepulcro de Diego de Esquío



Torre do Reloxo



Rúa Victorino Novo